

EN MARCHA



Concello de Cedeira
Concellería de Deportes

CEDEIRA - XUÑO 2021 - NÚMERO 52 - EDICIÓN GRATUITA

APUNTANDO MOI ALTO...

RAQUEL RODRIGUEZ PERNAS CAMPIONA DE ESPAÑA DE FONDO

E ademais novas sobre:

Cedeira S.D.

CB Cedeira Basketball Street

Club Pádel Cedeira

Baile Deportivo

Clube Candieira

C. Polideportivo APADER

Escolas deportivas municipais

Escola Kárate Cedeira

C. Natación Cedeira - Muebles

García

Clube Remo Cedeira





Cedeira S.D. - 50 Anos de branco e negro

O pasado 11 de abril de 2021, o clube celebrou o seu 50 aniversario. Por mor da pandemia da covid-19, non se puido festexar da maneira que a entidade desexaba, pero esperemos que, máis adiante, poidamos celebrar, todas e todos, un gran hito para unha das entidades que leva máis anos no pobo.

O clube quixo facer referencia, para este aniversario, á muller que traballa no mar, a través dunha camiseta conmemorativa e dun vídeo que se fixo nas redes sociais. (Facebook:cedeirasd/instagram: @cedeirasd/Twitter: @SDcedeira) No fondo negro da camiseta destaca “a peixeira” en homenaxe ás mulleres da vila. (deseño de José Antonio García, Muebles e Carpintería García).



“CAMPUS PARA XOGADORES DO CLUBE”

Dende o pasado 17 de abril, a entidade está a realizar un campus de adestramentos, que vai durar 3 meses para os

xogadores do clube. Que xa nos tardaba velos pisar de novo o céspede do Beco e sentirse futbolistas outra vez.



CB CEDEIRA BASKETBALL STREET

Despois de máis dun ano de adestramentos e, trala pandemia sufrida, seguemos a continuar co traballo de formar o equipo xuvenil, co obxectivo de disputar a Liga Xuvenil da Federación de Ferrolterra.

Todo estaba preparado para competir na 19/20 pero sufrimos esta paréntesis no noso periplo.

Foi unha terrible decepción non comezar a competición, pero non perdemos a esperanza de reanudala o antes posible.

Dende o Clube queremos expresar o noso agradecemento a todos os nosos rapaces por non ter perdido a ilusión e a confianza e ás empresas Muebles García S.L e a Juan García Pesca polo apoio e axuda prestadas.

De seguro que o soño está cada vez máis cerca de ser unha realidade.....CBCS.



Club de Pádel Cedeira

Despois do obrigado parón competitivo, o clube de pádel de Cedeira retomou a súa actividade no mes de marzo da man do seu equipo feminino.

O equipo atópase inmerso na Liga galega de clubes, na 3ª categoría, formada por sete equipos da zona norte.

Despois de 10 xornadas disputadas o equipo, formado actualmente por 18 xogadoras, está situado na quinta posición, con tres vitorias.

O equipo masculino segue adestrando á espera das Series Nacionais de Pádel que se disputarán en setembro en modalidade de Play Off.



Baile Deportivo

Como sabedes, dende hai unhos anos, o único practicante desta disciplina da nosa vila, é Fernando Loureiro Dominguez, que empezou un pouquiño por libre e na actualidade, e dende o 2019, ten coma parella de baile a Noemí Cendán García de Narón.

Si para tódolos deportistas, estar pechado na casa foi un problema, para eles, non foi menos, ou millor dito, peor, pois bailar en parella por zoom, coa supervisión do teu adestrador, ten moita miga. Unha vez que se aliviou un pouco a situación, e tendo en conta que cando escomenzou a pandemia Fernando e máis Noemí eran os primeiros clasificados no ranking nacional da súa categoría, a Federación Española decide ascendelos da “Categoría Territorial” á “Categoría C”, na que se atopan con moitos cambios: novas coreografías, vestiarios libres, etc...

Na primeira competición post-covid, Fernando e Noemí estrearon clube pois agora militan no U.P.A. (un paso adiante) de Narón, localidade onde participaron e acadaron o primeiro posto na súa categoría. Logo desprazáronse á Comunidade Valencía, concretamente a La Nucia (Alicante), na que colleitaron sendos terceiros postos. Si todo vai mellorando sanitariamente, que é o que parece por fin, o vindeiro mes de xuño, representarán ó seu clube no “Marín Atlantic Open” en Fene, voltando a Cidade de Alicante do 25 ó 27 do mesmo mes para participar na Copa de España.

Agora mesmo van clasificados segundos no ranking nacional e coas cualidades máis destacadas da parella, que son a constancia e o traballo, de seguro que van deixar o pabellón ben alto. Por fin destacar que Fernando está a piques de rematar o Curso de Instructor de Baile Deportivo, e en breves seguro que o temos impartindo clases pola vila. **SORTE E ADIANTE!!!!**



Clube Candieira

Despois de anos convivindo e aprendendo que tódolos practicantes das diferentes disciplinas deportivas de montaña do noso concello traballábamos polos mesmos intereses, chegamos a unha posta en común para xuntarnos nun mesmo Clube. Este clube, inicialmente de bicicleta de montaña, cambia os seus estatutos para incorporar as disciplinas dos deportistas que hoxe formamos parte, ademais de bicicleta de montaña tradicional e eléctrica, actualmente tamén abarca senderismo, trail running, moto de campo, 4x4 e escalada. Sendo conscientes e querendo dar o exemplo de que, con respecto polo entorno, todos temos cabida e que representamos un beneficio os uns para os outros, porque, sobre todo pola tipoloxía do noso terreo, todos somos



necesarios para a conservación de sendas e camiños.

Ainda que esta nova etapa do Clube veu marcada pola pandemia que estamos a vivir, non somos cortoplacistas e os nosos obxetivos seguen estando orientados a manter, ampliar e definir un mapa de percorridos para as diferentes disciplinas, aproveitar as sinerxias das mesmas para facilitar os accesos para a práctica de todas elas e nun futuro, esperemos que non moi lonxano, realizar xornadas ou eventos tales como rutas de senderismo, mtb, trail running, etc...

Tamén queremos servir para que por medio do deporte os mais novos aprendan a apreciar e disfrutar dos espazos naturais e potenciar as posibilidades de turismo activo do noso concello.

Un saúdo a todos e vémonos no monte!



Club Polideportivo APADER

APADER VOLVE AS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS

Despois de máis dun ano sen actividades deportivas, APADER retoma o deporte con entusiasmo e adaptándose á nova normativa, establecida como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública, provocada polo covid-19 (capacidade limitada, deportes ao aire libre, uso de máscaras, ..)

O 22 de maio celebrouse en Santiago o XXIII Maratón Autónomo Urbano, no que participaron 10 dos nosos deportistas. Destacar os primeiros postos de Mónica Lafuente en 800 metros e de Encarna Alonso e Inocencio Durán, nas súas respectivas carreiras de 300 metros. Mencionar tamén o meritorio segundo posto de David Lafuente nos 1500m.

En xuño tamén se retomará a liga de fútbol sala, organizada por Special Olympics. Polo momento trátase dunha liga a distancia, é dicir, haberá probas individuais nas que se emparellarán xogadores de ambos equipos, realizando a mesma proba o día fixado. O gañador sairá sumando os puntos de cada xogador do equipo.

Pouco a pouco voltamos á ansiada normalidade e co deporte damos un paso máis para conseguilo.



Escolas Deportivas Municipais 2020/21

Quen ía dicir, cando escomezamos coas escolas deportivas, aló polo mes de outubro do ano pasado, que estaríamos en xuño, a piques de remata-lo curso, e que todo discurriu con “toda normalidade”.... Pois nin máis, nin menos....con tódolos protocolos activados e cumprindo sempre coas normas.

Cada monitor/a adaptou as clases á normativa vixente, facendo máis grupos do normal, usando as máscaras, mantendo a distancia social. Era eso ou nada e, a verdade é que o que parecía misión imposible levouse a cabo sen atrancos.

Podemos dicir que, dadas as circunstancias, as escolas deportivas, que a concellería de deportes ofertou, tanto de nenas e nenos, coma adult@s, foron un éxito. Salientar que as escolas municipais rematarán a finais de xuño e cada escola terá un fin de curso acorde coa actividade, sexa tipo exhibición ou competición na que os familiares dos alumn@s poderán ver a súa evolución perante o curso, sempre cumprindo co protocolo vixente.

Nos próximos días sairá a oferta deportiva para o verán e, se todo vai ben como así parece, estaremos a despertar dun mal soño que ogallá nunca acontecera.



Escola de Karate Cedeira

Aquí estamos pese as circunstancias que xa todos coñecedes, continuando coa actividade seguindo o protocolo físicovid do deporte galego que garante a nosa seguridade durante as clases. Tamén, incluso, neste período participamos no Campionato Galego, facendo unha mención especial aos que participaron no mesmo: Mariana, Pablo e Sara, que non fixeron un mal papel pese a pouca plenitude do entreno (debido aos confinamentos).

Esperamos que melloren as circunstancias e coma as outras actividades da vida cotiá podamos retornar ao pleno desenvolvemento da actividade, tanto deportiva como competitiva, que tantas alegrías nos causou.



Xa sabedes onde tedes a vosa Escola de Karate, esperando velos persistir no entreno e aos que pola situación na que nos atopamos non asisten agardámoslos o máis pronto posible.



Club Natación Cedeira - Muebles García

SECCIÓN NATACIÓN

LIGA GALEGA INFANTIL

Durante os meses de febreiro, marzo e abril o noso equipo infantil disputou 2 xornadas da Liga Galega de Natación, conseguindo uns excelentes resultados nas probas de 100 braza, 200 costas, 200 libre, 100 costas, 50 libre e 100 libre. Así, as nosas nadadoras, Irene Freire, Paula Domínguez, Xulia Pérez e Alba Graña, conseguiron situarse nos primeiros 15 postos do Ránking Galego na maioría de probas.

Así mesmo están a piques de conseguir a clasificación para o Campionato Galego que se celebrará en Xullo.

LIGA GALEGA ALEVÍN

O noso equipo alevín conseguiu situar a 2 dos seus nadadores dentro dos millores tempos do Ranking Galego, así, Damián Suárez, sitúase dentro dos 3 mellores de Galicia en varias probas, e Samuel Sánchez consegue entrar no top 10 nos 200 costas.

O equipo formado por Lucas Riola, Manuel Muiño, Samuel Sánchez, Lucas Méndez, Iago Ortiz e Damián Suárez consegue clasificarse en tódolos relevos para o Campionato Galego Alevín.

GRUPO GES

Unha gran noticia para o noso equipo é que Damián Suárez foi convocado pola Federación Galega de Natación para formar parte do seu Grupo Especial de Seguimento, no que están os millores nadadores de Galicia. Este grupo fará

concentracións e adestramentos guiados polos técnicos da Federación para conseguir mellorar o seu nivel para probas nacionais e internacionais.

CAMPIONATO GALEGO MÁSTER

O noso nadador máster, Pablo Pérez, proclamouse campión galego na proba dos 1500m libre,

por vez primeira na historia do clube!!

SECCIÓN ATLETISMO

Durante estes últimos meses participamos en diferentes controis de marcas así como nos Campionatos Galegos e Campionato de España Sub16.

Estamos moi ilusionados cos nosos grupos, que están empezando nas probas de atletismo, con Noa Villadóniga, Julia Martínez, Irene García, Paula Popescu, Aihhoa Dopico, Sabela Pérez, Ainhoa Torres, Martín Otero, Sara Romero, Pablo Moreda, Andrea Díaz, xa que varios deles conseguiron clasificarse para o Campionato Galego e realizaron un gran papel:



CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB16 DE PISTA CUBERTA, 20 MARZO OVIEDO

Damián Suárez consegue o 9º posto nos 1000m lisos, sendo 3º da súa idade e o mellor atleta galego na proba.

CAMPIONATO GALEGO PISTA SUB16, 6 E 13 MARZO EN PONTEVEDRA E OURENSE

Damián Suárez Bronze nos 1000m lisos e consegue a 2ª --millor marca nacional na proba.

Lucas García 4º posto nos 3000m lisos no top10 de Millor marca nacional.

Lucas Riola 12º posto nos 3000m lisos.

Samuel Sánchez 16º posto nos 3000m lisos.

Andrea Díaz 16º posto nos 300m lisos.

CAMPIONATO GALEGO PISTA SUB10, SUB12 E

SUB14, 20 MARZO OURENSE

Pablo Moreda consegue a medalla de Bronze nos 500m lisos e un 4º posto nos 60m lisos.

Noa Villadóniga 19º posto nos 50m lisos e 22º posto nos 500m lisos.



Julia Martínez 7º posto nos 1000m lisos.

Irene García 20º posto nos 500m lisos.

SECCIÓN TRIATLÓN

CAMPIONATO GALEGO DUATLÓN

O NOSO EQUIPO CADETE MASCULINO CONSIGUE PROCLAMARSE CAMPIÓN GALEGO DE DUATLÓN POR EQUIPOS.

Samuel Sánchez, Lucas Riola, Juan Piñón, Daniel Salgueiro e Manuel Muiño conseguiron os puntos necesarios para

ser o mellor equipo de Galicia de Duatlón, algo totalmente excepcional!



Ademáis, Damián Suárez é o novo campión galego cadete sendo todavía de primeiro ano.

Unha moi boa proba de Damián, que aventaxou aos máis de 70 participantes para proclamarse Campión Galego Cadete. Un auténtico éxito xa que todavía é de primeiro ano e compite contra rapaces maiores que él.

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DUATLÓN, AVILÉS

Excelente campionato Campionato de España de

que fixeron os nosos triatletas no Duatlón en Avilés.

Damián Suárez logra un excelente 6º posto na xeral a poucos segundos do podio!!

Lucas Riola consegue chegar no posto 50 dos 150 participantes!!



Excelentes resultados tendo en conta que todavía son cadetes de 1º ano e competiron contra triatletas 1º ano maiores, noraboa!!

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DUATLÓN POR EQUIPOS E REMUDAS, ALCOBENDAS



Actuación excepcional dos nosos triatletas Juan Piñón, Francisco Bellas, Samuel Sánchez, Manuel Muiño, Lucas Riola e Damián Suarez que conseguiron o posto 18 e 21 por Equipos, sendo casi todos de primeiro ano e

competindo con triatletas ata 3 anos maiores. Esta posición nos deixa dentro dos mellores equipos nacionais e con opcións de ascenso á 2ª División Nacional no próximo ano!!

CURSIÑOS DE NATACIÓN

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL - XULLO - AGOSTO 2021
IDADE: Mínima nados/as no 2017

Xullo	Agosto
PRAZA DE PREINSCRIPCIÓN ata o 21 de xuño	PRAZA DE PREINSCRIPCIÓN do 12 ao 21 de xullo
CONFIRMACIÓN DA PRAZA do 24 ao 28 de xuño mediante o pago da taxa correspondente	CONFIRMACIÓN DA PRAZA do 23 ao 28 de xullo mediante o pago da taxa correspondente
COMEZO DO CURSO Xoves 1 de xullo	COMEZO DO CURSO luns 2 de agosto

AS PRAZAS CUBRIRANSE POR RIGUROSO ORDE DE PREINSCRIPCIÓN ATA CUBRIR O CUPO

Cabo Ortegal
Concello de Cedeira
Concellería de Deportes

FAI A RESERVA A TEMPO E NON QUEDES FORA. LEMBRA QUE AS PRAZAS SON LIMITADAS

Polideportivo Municipal Actividades Verán 2021

ADULT@S

PILATES
AQUAGYM
XIMNASIA DE MANTENIMENTO
NATACIÓN

PREINSCRIPCIÓN:
ATA O 25 DE XUÑO

CONFIRMACIÓN DE PRAZAS:
DO 28 AO 30 DE XUÑO

COMEZO DAS ACTIVIDADES:
1 DE XULLO

Recoméndase a preinscrición a través do teléfono 981 482 633, ou correo polideportivocedeira@gmail.com

Concello de Cedeira
Cabo Ortegal

As prazas cubriranse por riguroso orde de preinscrición.



Clube Remo Cedeira

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FONDO

O sábado, 20 de febreiro, celebrouse o campionato de España de fondo, na localidade ourensana de Castrelo do Miño.

Nel, tomaron parte os remeiros locais, Raquel Rodriguez, Candela Martinez e Raúl Lopez.

A primeira en tomar parte na competición sería Candela Martinez, que partiría como unha das favoritas para subirse no podio, e non defraudou, conquirindo unha moi ansiada medaia de bronce.

O seguinte remeiro do Remo Cedeira en competir foi Raul, o cal conseguiría un 18 posto no campionato.

E por fin chegou o turno de raquel, a favorita para facerse co título nacional, e así foi, dende o comezo da competición marcaría os mellores parciais con respecto as demais participantes e remataría a proba con 9 segundos de vantaxe sobre a segunda clasificada.

CAMPIONATO OPEN DE PRIMAVERA

Do 27 o 28 de marzo celebrábase en Banyoles (Gerona) o campionato open de primavera (test acceso a selección nacional).

Nesta proba danse cita @s millores remeir@s do panorama nacional que queren acceder o equipo nacional. as nosas



representantes serían Raquel Rodriguez e Candela Martinez (esta última sendo cadete e competindo contra remeiras xuvenís).

Candela tería o propósito nesta competición de acumular experiencia e prepararse de cara o ano 2022, no que xa competirá cas remeiras da súa mesma categoría. Isto non lle privou de acadar o décimo posto na competición, co que conseguiría que os adestradores do equipo nacional conten con ela para a concentración do equipo de cara o verán. Por outra parte Raquel viaxaría a Banyoles con un propósito totalmente diferente ó de candela, o de raquel sería tentar gañar a open, e así foi. Darían comezo as eliminatorias, nas que raquel se impoñería na súa manga sen moito esforzo, dándolle o pase directo a cuartos de finais.

Nos cuartos, máis do mesmo, volveríase a impoñer na súa manga, obtendo así o pase á seguinte rolda. Nas semifinais obtería un segundo posto, reservando forzas de cara á final.

Na gran final, que sería o domingo a última hora da mañá, Raquel, dende o primeiro momento, tomaría a cabeza de regata, sen dar ningún tipo de opción ás súas contrincantes e cruzando a liña de meta con 4 segundos sobre a segunda clasificada.

A victoria de Raquel na open daríalle de novo o acceso a concentración nacional que duraría 2 semanas e se celebraría en Llaias (Ourense), para comezar a formar os equipos de cara ás competicións internacionais.

COPA DE PRIMAVERA

O 8 e 9 de maio celebrábase en Castrelo Do Miño (Ourense) a copa primavera.

Esta vez tomarían parte nesta regata os máis pequenos do clube.

Marcos Casal tomaría parte na súa primeira regata, e nada máis e nada menos, que se faría cunha medaia de



prata nesta competición, competición da que formarían parte clubes de todo o territorio nacional. Marcos gañaría a súa eliminatoria, pasando directamente á final, na que, como xa dixemos, obtería a medaia de prata.

Pasaría a ser o turno de Lucia Bellas que, sendo infantil de primeiro ano, conseguiría facerse cun lugar na gran final, obtendo un meritorio 5º posto, nunhas condicións climatolóxicas que non favorecerían a nosa remeira.

Por último competiría a “veterana” das



categorías base, Candela Martinez, que, unha vez máis, subiría ó podio, obtendo a medaia de prata.

A colleita de premios na copa en Ourense saldouse para o Remo Cedeira como segue :

MEDAIA DE PLATA (SKIF - CADETE FEMININO)

MEDAIA DE PRATA (SKIF – ALEVIN MASCULINO)

5ºPOSTO(SKIF–INFANTILFEMININO)